



CIRCULAR DE FIN DE CURSO ÁS FAMILIAS

1.- Período de matrícula para novo alumnado:

O período de matrícula para o novo alumnado que desexe incorporase ao centro vai do 20 ao 30 de xuño.

Deberase entregar a documentación solicitada na administración do centro en horario de 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 14:30.

(O alumnado matriculado xa no centro este curso 2023/24 non ten que matricularse de novo)

2.- Reunión inicial coas familias de 4º de infantil

Despois da publicación da listaxe do alumnado matriculado en 4º de infantil, a dirección do centro poñerase en contacto coas familias para ter unha breve reunión o xoves, 4 de xullo, ás 10:00, para resolver as dúbidas e informar das normas e organización do centro.

3.- Transporte Escolar excepcional:

O prazo para solicitar o transporte escolar excepcional será do 20 ao 30 de xuño nas dependencias de administración do centro de 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 14:30.

4.- Cambio Relixión- Proxecto Competencial (valores/ atención educativa):

O prazo para solicitar o cambio será do 20 ao 30 de xuño nas dependencias de administración do centro de 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 14:30.

5.- Devolución de libros de texto:

O alumnado beneficiario do fondo solidario de libros de texto durante este curso escolar, deberá devolver os libros empréstados en bo estado o mércores 19 de xuño na propia aula. En caso de perda ou deterioro deberán adquirir uns novos.

6.- Entrega de historiais e expedientes para o alumnado de 6º de Ed. Primaria.

O venres 28 de xuño, de 9:30 a 13:30, farase entrega dos historiais e expedientes do alumnado de 6º de Ed. Primaria, no despacho de xefatura do centro.

6.- Libros de texto e material escolar:

A relación de libros de texto e material escolar para o vindeiro curso escolar atoparase exposta no centro así como na páxina web nos vindeiros días.



7.- Comezo das clases en setembro:

A Orde do calendario escolar para o curso 2024-2025 establece que as clases darán comezo o mércores, día 11 de setembro.

O período de adaptación do alumnado de 4º de Ed. Infantil será do 11 ao 18 de setembro.

Os primeiros días de setembro a titora porase en contacto coas familias telefónicamente.

8.- Fondo solidario de libros e vales para a adquisición de material.

A comezo de xullo informaremos sobre a resolución da **listaxe provisional** a través da web do centro e/ou por AbalarMóbil para a súa consulta no taboleiro do centro.

Posteriormente abrirase o **prazo de reclamación** (2 días) e, finalmente, a publicación das **listaxes definitivas no taboleiro do centro**.

Estableceranse unhas datas e horas concretas (de 9:30 a 11:30 e de 12:00 a 13:00) para a entrega de vales das axudas de libros e material de 1º e 2º de E.P. e das axudas de material de 3º a 6º de E.P. na administración do centro.

Os vales só se entregarán á persoa solicitante. Se ésta non puidese recollelos poderá autorizar a outra persoa que deberá traer **autorización** escrita e **as fotocopias do DNI das dúas persoas** (solicitante e autorizado/a).

Os libros de texto de fondo libros serán entregados ao alumnado na propia aula ao comezo do novo curso.